

## **HISTORIA DA FILOSOFÍA**

*ACLARACIÓNS.-* O comentario deberá analizar o fragmento (conceptos fundamentais e argumentación) e relacionalo cun contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía), con corrección expresiva e gramatical.

As cuestións teóricas (1ª e 2ª partes do exame) desenvolverán os contidos pertinentes, con precisión conceptual e rigor expositivo; asemade, con corrección expresiva e gramatical.

As respostas á 3ª parte consistirán, sen máis, no nome do filósofo e o título da obra.

### **OPCIÓN A**

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: 6 pts; 3 para o comentario e 3 para a cuestión)

*Realidade e coñecemento en Platón*

«SÓCRATES— (...) Así, pois, a alma, sendo inmortal e tendo renacido moitas veces e ao ter contemplado todas as cousas, as de aquí e as do Hades, non hai nada que non teña aprendido. De xeito que non hai que sorprenderse de que ela sexa quen de ter recordos acerca da virtude e das demais cousas que, por certo, coñecera anteriormente. Pois ao estar emparentada toda a natureza e tendo aprendido todo a alma, nada impide que quen, recordando unha soa cousa —iso que os homes chaman aprender—, encuentre todas as demais, se é valente e teimudo na busca. Porque o buscar e o aprender non son máis que reminiscencias.»

(PLATÓN, *Menón*)

2. Os límites do coñecemento en Kant. (Cualificación máxima: 3 pts.)

3. Responde as 4 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima: 1 pto.; 0,25 pts. para cada unha das 4)

a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos: *superestrutura – traballo alienado*.

b) Nomea dúas obras de Marx.

### **OPCIÓN B**

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: 6 pts; 3 para o comentario e 3 para a cuestión)

*Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade*

«Preguntaría gustosamente ós filósofos que derivaron tantos dos seus razoamentos da distinción entre substancia e accidente e imaxinaron que temos ideas claras acerca delas, se a idea de substancia debe ser derivada das impresións de sensación ou de reflexión. Se nos é proporcionada polos nosos sentidos, pregunto por cal deles e de que maneira. Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo gusto, un sabor; e así para os outros sentidos. Pero non creo que alguén afirme que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión. Pero as impresións de reflexión divídense nas nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Polo tanto, non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de cualidades particulares, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela.»

(D. HUME, *Tratado da natureza humana*, Libro I)

2. Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas. (Cualificación máxima: 3 pts.)

3. Responde as 4 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima: 1 pto.; 0,25 pts. para cada unha das 4)

a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos: *nihilismo – razón vital*.

b) Nomea unha obra de Nietzsche e outra de Ortega y Gasset.